

Predición de Datos con AWS Forecast e Amazon QuickSight

Descrición

A predición baseada en datos históricos é clave para anticiparse aos cambios e tomar decisións máis informadas. Nesta sesión de 4 horas, explorarás como utilizar AWS Forecast para xerar predicións precisas a partir de datos históricos, e como visualizar eses resultados de maneira clara e accesible usando Amazon QuickSight. Aprenderás a integrar ambos os servizos para crear un fluxo de traballo de predición e visualización de datos que che permita tomar decisións proactivas. Se es científico de datos ou analista e desexas integrar modelos predictivos nos teus proxectos, esta sesión proporcionarache as ferramentas necesarias para aproveitar o poder de AWS na predición e a análise visual.

O ponente será **Óscar Cuéllar**. Óscar Cuéllar é instrutor oficial autorizado por AWS e consultor cloud cunha sólida experiencia formando a profesionais de grandes empresas en tecnoloxías de Amazon Web Services. Especializado en arquitecturas cloud, automatización e análise de datos, combina un enfoque técnico rigoroso cunha gran capacidade para transmitir coñecementos de forma clara e práctica.

Nesta sesión, Óscar aplicará a súa experiencia en solucións predictivas con **AWS Forecast** e visualización de datos con **Amazon QuickSight**, guiando aos participantes na creación de fluxos de traballo integrados para xerar, interpretar e visualizar predicións a partir de datos históricos.

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	27/10/2025 - 11/11/2025
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Presencial
DURACIÓN	4 horas

DATA INICIO	12/11/2025
DATA FIN	12/11/2025
HORARIO	O 12/11/2025 de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	12/11/2025 - 12/11/2025

Temario

- Introducción a AWS Forecast e Amazon QuickSight
- Uso de AWS Forecast para predición de series temporais
- Visualización de resultados con Amazon QuickSight
- Interpretación de resultados e toma de decisións
- Casos prácticos de uso de AWS Forecast e QuickSight